EXEMPLAR PARA A ENTIDADE BANCARIA

Axencia Tributaria de Galicia

**TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

Lei 6/2003, do 9 de decembro
Decreto 61/2005, do 7 de abril

**AUTOLIQUIDACIÓN**

Modelo
# AI
EUROS

AI1188505 4

**CÓDIGOS**

Consellería de CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE Código: 07

Delegación de SERVIZOS CENTRAIS Código: 13

Servizo de ENSINO MEDIO Código: 03

Taxa: denominación: EXPEDICIÓN DE TÍTULOS ACADÉMICOS PROFESIONAIS CORRESPONDENTES ÁS ENSINANZAS ESTABLECIDAS POLA LOE Código: 302003

**SUXEITO PASIVO** X

| NIF | APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL |
|---|---|
| | |

| VÍA PÚBLICA | NÚMERO | ESCAL. | ANDAR | PORTA | TELÉFONO |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| CONCELLO | PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL |
|---|---|---|
| | | |

**LIQUIDACIÓN**

| BASE DE CÁLCULO OU BASE IMPOÑIBLE OU UNIDADES | TIPO OU TARIFA | IMPORTE A INGRESAR |
|---|---|---|
| TÍTULO DE BACHAREL | | - NORMAL 54'00€ X<br>- FAMILIA NUMEROSA: X<br>• XERAL 27'03€<br>• ESPECIAL 0€<br>TOTAL |

.................................... a ............ de ............ de 20

Sinatura do declarante ou representante legal

X

| Selo | Data | Número |
|---|---|---|
| | | |

**IMPORTANTE** O ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación

# PAGO DE TAXAS DE EXPEDICIÓN DE TÍTULO ACADÉMICOS

## OPCIÓN 1: CUBRIR MODELO DE AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA (MODELO A).

Este modelo podedes solicitalo no propio centro educativo que vos informará dos códigos e importes que tedes que cubrir.


TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
AUTOLIQUIDACIÓN
Modelo A
EUROS
A- 1943906

CÓDIGOS
Consellería de — Código
Delegación de — Código
Servicio de — Código
Taxa denominación — Código

SUXEITO PASIVO

LIQUIDACIÓN

| BASE DE CÁLCULO OU BASE IMPONIBLE OU UNIDADES | TIPO OU TARIFA | IMPORTE A INGRESAR |
|---|---|---|
| | | TOTAL € |

IMPORTANTE: O ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación

## OPCIÓN 2: DESCARGAR MODELO EN BRANCO DENDE A OFICINA VIRTUAL TRIBUTARIA (MODELO AI).

1. Accedemos á web da Oficinal Virtual Tributaria na dirección **ovt.atriga.gal**, e prememos na opción **Cidadáns** 





2. A continuación, dentro da opción *Pago de taxas e prezos,* prememos no botón **Iniciar taxa** Iniciar taxa e seleccionamos a opción de ***Acceso libre ao servizo***




3. Finalmente, prememos na opción ***Descargar modelo*** Descargar modelo que nos permitirá descargar o **modelo AI** en branco, o cal teremos que cubrir e presentar na entidade bancaria correspondente. Debemos ter en conta que cada modelo descargado é único, polo que para facer o pago de varias taxas teremos que descargar varios destes modelos en branco.



**OPCION 3: PAGO TELEMÁTICO DA TAXA (MODELO 730)**

Neste caso **repetiremos os pasos 1** (ovt.atriga.gal/Cidadáns) **e 2** (Iniciar taxa/acceso libre ao servizo) **da opción anterior** (OPCIÓN 2).

3. Prememos no botón ***Iniciar taxa*** 





4. Cubrimos os datos da taxa correspondente e prememos o botón ***Continuar*** 




5. Cubrimos os datos identificativos e prememos o botón ***Continuar*** 





6. Seleccionamos a opción *Pago telemático*  e confirmamos que é esa a opción elexida.




7. Aparecerá a información do **Número de operación e Código de verificación** da mesma. Ainda que recibiremos un correo electrónico con estes datos, é **importante apuntalos** para poder recuperar a operación en calquera momento. Prememos no botón *Aceptar.* 





8. Cubrimos os datos de pago e finalizamos a operación.



Unha vez completado o pago, a aplicación xerará un recibo do pago con tarxeta o cal NON será o xustificante válido para presentar no centro. **O xustificante válido é o modelo 730 que teremos opción de descargar** unha vez rematada a operación ou, de ser o caso, poderemos obter premendo en calquera dos botóns ***Operacións realizadas*** ou ***Operacións***, segundo a pantalla dende a que accedamos.




En ambos casos levaranos a unha pantalla na que **poremos o número de operación e o código de verificación** e premeremos no botón ***Buscar*** para poder descargar o modelo 730.






## OPCION 4: DESCARGA DO IMPRESO CUBERTO PARA PAGAR NA ENTIDADE BANCARIA (MODELO 731)

Nesta derradeira opción **repetiremos os pasos 1 a 5** da anterior opción (OPCIÓN 3) ata chegar a seguinte pantalla, na que premeremos o botón ***Descargar modelo presencial*** 








Unha vez descargado, teremos que **acudir a calquera das entidades financeiras colaboradoras** que se enumeran no propio documento para facer o pago da taxa.

LEMBRADE QUE, **UNHA VEZ FEITO O PAGO** POR CALQUERA DAS CATRO OPCIÓNS, **TEREDES QUE LEVAR O EXEMPLAR PARA A ADMINISTRACIÓN AO CENTRO EDUCATIVO.**